

PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE EDLG:

1. A presente Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro de 2013 para a mellora da calidade educativa, xunto co Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e o Decreto que o desenvolve: Decreto 247/1995, do 14 de setembro, o Plan Xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia en setembro de 2004 e o Decreto, 79/2010, do 20 de maio polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, o claustro do CEIP Plurilingüe Ponte do Porto procede no mes de setembro a constituír o EDLG que terá como obxectivo fundamental promover todas as accións encamiñadas á normalización do uso da lingua galega. Durante o curso 2023-2024, dito equipo queda constituído polos seguintes membros :
 - María Katia Sánchez Alonso: Mestra de 3º apoio en Educación Infantil e coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
 - Mercedes Álvarez Amor : mestre de 1º Educación Primaria.
 - Andrés López Figueiras: Mestre de 5º Educación primaria.
 - Ana Cristina Barbello Figueiras: mestra de 2º Educación Primaria.
 - Aurora Barba Gasamáns. Mestra de 3º Educación Primaria.
 - Rocío Moledo Esperante: Persoal non docente.

A consecución dos obxectivos que este equipo vai propoñer e a realización das diferentes actividades, non sería posible sen a participación e implicación de tódolos membros do claustro: titores/as, especialistas, persoal de apoio, etc. O EDLG procurará, sempre que sexa posible, coordinarse con todos eles e cos diferentes equipos dinamizadores, para sacar o máximo partido educativo de tódalas actividades do centro.

DECISIÓN SOBRE A LINGUA A UTILIZAR NAS MATERIAS EN EI E EP PARA O CURSO 2023-2024

En Educación Infantil acórdase para este curso utilizar para tódalas materias a lingua galega, tras seguir os procedementos pertinentes de consulta. En Educación Primaria acórdase utilizar a lingua galega nas seguintes materias: lingua e literatura galega, educación física, ciencias da natureza e ciencias sociais.

En lingua castelá daranse as seguintes materias: lingua e literatura castelá, educación artística, matemáticas e relixión.

MEDIDAS DE REFORZO PARA ADQUIRIR A LINGUA GALEGA

Faremos un pequeno reforzo a nivel escrito e oral a un neno que ven procedente de Venezuela e polo tanto descoñece a lingua galega.

2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Teremos en conta para este estudo sociolingüístico catro áreas diferentes: o contorno sociolingüístico do centro, a situación do profesorado, a situación do alumnado e a situación lingüística do centro.

2.1. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O colexio está enclavado na localidade de Ponte do Porto, concello de Camariñas; é un concello costeiro situado de cheo na Costa da Morte, comarca de Soneira.

Os alumnos, proceden de distintas parroquias, a maioría do concello de Camariñas e algunhas delas pertencentes do concello de Vimianzo.

Segundo datos do INE e IGE a situación demográfica nestes concellos é como sigue:

- **CONCELLO DE CAMARIÑAS:** a poboación deste concello é de aproximadamente 5272 habitantes. Divididos en catro parroquias das cales tres pertencen a este colexio: Camelle con 1106 habitantes, Ponte do Porto con 957 habitantes e Xaviña con 668 habitantes.

- **CONCELLO DE VIMIANZO** : A poboación é de uns 7057 habitantes, dos cales 525 pertencen a parroquia de Carnés e 473 á parroquia de Cereixo.

Xeograficamente, Ponte do Porto está lonxe das cidades de A Coruña e Santiago. A situación xeográfica da zona, e ás veces tamén a económica, fai difícil moitas veces o desenvolvemento de certas actividades que, nunha cidade, son máis doadas de ofertar. Por outra banda, A Ponte do Porto conta con tradicións e paisaxes que favorecen o desenvolvemento da realidade lingüística e cultural.

A poboación dedícase á pesca, ao marisqueo e, en menor medida, á agricultura e á gandería. A industria é escasa (conserveira, construción...). Así, podemos dicir que o nivel socioeconómico das familias é de tipo medio-baixo. Ademais, todo isto fai que na zona o nivel de emigración sexa alto; moitos emigran a Suíza, outras comunidades e, nos últimos anos, ás Illas.

O apoio dos concellos de cara a actividades de fomento do galego é bastante importante, tanto o concello de Camariñas como o de Vimianzo conta con servizo de Normalización Lingüística achegando diversas actividades ao noso centro, das cales participamos activamente.

2.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

Durante este curso 2023-2024 o número de profesores é de 17. Contamos cun equipo directivo completo formado por directora (Cotitora de 3º de Educación Primaria), xefe de estudos (Mestra de 4º de Educación Primaria) e secretaria (Mestra de 6º Educación Infantil). O profesorado distribúese da seguinte maneira:

- 10 titores
- 1 especialista de Inglés
- 1 especialista de Música e seccións plurilingües e bilingües
- 1 especialista de Educación Física.
- 1 especialista en Relixión
- 1 orientador compartido co centro de Camariñas
- 1 mestre de apoio a E.I

- 1 P.T.
- Dúas mestras de A.L compartidas co CEIP de Camariñas e o CEIP San Vicenzo de Vimianzo.

Segundo os datos recollidos, a realidade lingüística do profesorado neste curso é como sigue:

- Lingua empregada habitualmente: A maioría fala maioritariamente galego.
- Lingua empregada habitualmente no centro educativo: a maioría empregan o galego como lingua vehicular.

Por outro lado, tamén contamos unha boa disposición de cara ao uso do galego e a formarse mediante cursos para mellorar o seu dominio da lingua galega. Ademais, de forma xeral, todo o claustro colabora de bo grado nas actividades propostas polo EDLG.

1. SITUACIÓN DO ALUMNADO

No CEIP Plurilingüe Ponte do Porto no presente curso 2021-2022hai matriculados un total de 152 alumnos/as, distribuídos da seguinte maneira:

EDUCACIÓN INFANTIL : 48	
4º EDUCACIÓN INFANTIL	11
5º EDUCACIÓN INFANTIL	17
6º EDUCACIÓN INFANTIL	20
EDUCACIÓN PRIMARIA:101	
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	14
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	20
3º EDUCACIÓN PRIMARIA A	12
3º EDUCACIÓN PRIMARIA B	13
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	21
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	14
6º EDUCACIÓN PRIMARIA	17

De todo o alumnado do centro diremos que case o 95 % do mesmo é galego falante. Unha ampla maioría dos alumnos tivo como lingua materna o galego. E todos amosan, en xeral, unha boa disposición e aprecio cara a lingua galega e a súa cultura. Asimesmo sinalar que é unha zona onde predomina o seseo e a gheada.

Sen embargo, o centro non é alleo a realidade social que se da na actualidade e xa conta con inmigrantes (poucos) que a través das actividades que se plantexan, coñecen a nosa cultura, tradicións e lingua.

É importante sinalar que, nos últimos cursos vimos apreciando que os alumnos do centro amosan bastantes incorreccións no seu uso do galego (castelanismos, hipergaleguismos...), algo que os profesores tentamos corrixir pouco a pouco sen crear medos cara o emprego do galego.

2.4-SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Como xa sinalamos anteriormente, acoden diariamente ao colexio un total de 153 alumnos/as procedentes das parroquias veciñas dos que a inmensa maioría son galego-falantes. Este feito favorece sen dúbida a aprendizaxe do galego como lingua materna e fai que a relación coas familias sexa máis fluída.

Máis concretamente, segundo datos do INE e IGE, a maioría da poboación é galego falante, no concello de Camariñas son galego falantes o 98.94% e no concello de Vimianzo o 99.49% da poboación. Datos que o noso P.S.C. confirmou tamén coas enquisas realizadas no curso pasado.

As diversas asociacións existentes no concello e a ANPA comunícanse co centro en galego nas diversas actuacións e conmemoracións realizadas.

Por suposto, o centro emprega a lingua galega en todas as actividades e ámbitos: no administrativo, na relación co contorno, na interacción didáctica e na xestión pedagóxica (todos estes datos aparecen recollidos de maneira máis específica no P.S.C.)

3.OBXECTIVOS

A continuación enumeramos os obxectivos plantexados polo EDLG para o fomento do galego neste curso 2022– 2023 divididos nos catro sectores aos que nos acabamos de referir:

3.1. OBXECTIVOS DO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

1. Favorecer actividades que fomenten un maior status social do galego na zona, facendo fincapé no que significa en canto a enriquecemento persoal e cultural e tamén como vehículo de comunicación.
2. Favorecer e realizar actividades nas que se traballe aspectos culturais de Galicia e da zona da costa da morte.
3. Conmemorar eventos significativos para a cultura galega que se produzan durante o curso académico, especialmente daqueles que sexan propios da zona onde se atopa o centro, procurando a participación de toda a comunidade educativa e das familias do alumnado.
4. Participar en campañas institucionais para o desenvolvemento do galego.
5. Colaborar con outros centros para levar a cabo actividades de fomento do galego.
6. Fomentar o uso do galego a través das TIC involucrando a toda a comunidade educativa.

3.2. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

1. Poñer a disposición do profesorado tanta información e medios sexa posible para conseguir a normalización no uso do idioma galego.
 1. Promover a súa participación en cursos, encontros ou xornadas relacionados coa lingua galega.
 2. Facilitar a participación en cursos, xornadas, encontros, etc. relacionados coa lingua galega.
 3. Facilitar dende o EDLG material didáctico e actividades relacionadas coa cultura e a lingua galega para na aula.
 4. Facilitar dende as TICs e coa colaboración do EDLG material informático e ligazóns a páxinas aplicables na aula.

5. Empregar as tecnoloxías da información e comunicación na innovación do fomento do uso do galego.
6. Facilitar a participación nas actividades programadas para o fomento e o uso do galego e da cultura galega en tódolos seus ámbitos.
7. Acadar un cumprimento das normas respecto ó uso da lingua galega no currículo.

3.3. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

1. Establecer as bases para que o noso alumnado alcance unha mellora no uso da lingua galega intentando que esta se lles achegue por canles enriquecedoras e atractivas.
2. Fomentar o uso do galego, a nivel oral escrito, por parte do alumnado.
3. Fomentar o perfeccionamento do galego a nivel oral, respectando as características dialectais pero evitando o uso de castelanismos en canto o léxico.
4. Fomentar o hábito lector en galego, tanto en prosa como en verso.
5. Coñecer máis e mellor Galicia e a nosa comarca, facendo especial fincapé en personaxes ilustres, escritores/as, festas tradicionais, ...
6. Potencia-la conservación do patrimonio cultural e facilita-la relación do noso alumnado cos seus maiores.
7. Facilitar o acceso ao coñecemento da lingua galega ao alumnado provinte doutras comunidades ou países adoptando as medidas pedagóxicas e organizativas necesarias.
8. Garantir-lle ao alumnado ámbitos, actividades e espazos de uso en que poidan utilizar activamente a lingua galega
9. Empregar das TIC's como elemento motivador para o achegamento ao uso do galego.

3.4. OBXECTIVOS PARA A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

1. Potenciar o uso da lingua en todas as actividades do centro.

2. Solicitar a colaboración das familias nas actividades de achegamento aos nosos costumes, tradicións...
3. Valorar dun xeito positivo o uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
4. Empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións entre os membros da comunidade educativa.
5. Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa de Ponte do Porto, para reafirmalo como lingua de uso habitual nas reunións do centro, en calquera acto oficial ou público.
6. Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.
7. Divulgar e cumprir coa lexislación vixente.

4.- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Froito da experiencia de anos anteriores, concluímos a necesidade de que este Proxecto teña como característica principal o carácter interdisciplinario. Un plano que abrangue tódolos aspectos do colexio e que se entreteza coas actividades específicas dos equipos de traballo que funcionan no noso centro:

- Biblioteca
- TICs
- Actividades Extraescolares e Complementarias

Hai que sinalar que en tódalas actividades que se levan a cabo no centro participan as unitarias das aldeas próximas á vila. Ademais, procuraremos facer partícipes das actividades ás familias do alumnado en todo momento.

A continuación mostramos as actividades programadas de desenvolvemento continuado ó longo do curso.

4.1. ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO CONTINUADO.

1. REVISTA “O ALLO”

Toda a comunidade educativa participará como tódolos anos na realización desta revista ó longo do curso. Ó final do mesmo, entregarase un exemplar ás familias do alumnado para que estean ao tanto de tódalas actividades e celebracións realizadas durante ese curso.

Nela aparecerán fotos, debuxos e traballos, pequenas entrevistas e “documentais” realizados polos alumnos ó longo do curso escolar, etc.

2. PÁXINA WEB DO CEIP “PONTE DO PORTO”

Continuaremos coa páxina do centro na que se expoñen as actividades realizadas no colexio e onde os/as alumnos/as e familias poden participar de maneira activa, aportando comentarios. Subiranse as actividades e celebracións realizadas polas persoas encargadas contando co apoio do equipo de TICS.

3. FORMACIÓN DUN EQUIPO DE CORRECCIÓN DENTRO DO EDLG.

O EDLG supervisará e asesorará en materia lingüística á comunidade escolar a través dunha serie de medidas:

- Revisar a documentación emanada do centro, cartelería...

- Dotar ao profesorado das ferramentas informáticas precisas para o desenvolvemento do seu traballo en galego a través do correo electrónico (tradutores, correctores de texto, listado de recursos didácticos na web, páxinas web de interese,...), do mantemento bibliográfico dos andeis do EDLG existentes na sala de profesores, etc.

- Nomeamos o centro: os membros do EDLG nomeará con etiquetas ben visíbeis e ben elaboradas diferentes espazos e obxectos de todo o colexio, especialmente os máis castelanizados na fala.

4. COÑECENDO O MEU CONTORNO.

Os alumnos do colexio farán diversas saídas para coñecer as paisaxes que nos rodean, os elementos que a compoñen, as principais cidades máis próximas, espectáculos culturais da nosa cultura... Faranse visitas polo concello de Camariñas e Galicia.

ACTIVIDADES DO 1º TRIMESTRE

1. O SAMAÍN: Última semana de outubro.

- Realización e exposición de cabazas: os nenos/as traerán das súas casas cabazas e as expoñerán nos corredores e espazos habilitados para dita actividade durante 3 días.
- Reparto de materiais didácticos e decorativos sobre o Samaín ós titores: durante a semana anterior, o EDLG elaborará e repartirá ós titores materiais para traballar o Samaín.
- Na medida do posible haberá enlaces á páxina web sobre o Samaín.
- Rimas de medo: os alumnos poderán participar na redacción de textos narrativos breves en galego sobre esta temática que se subirán ao blog do cole para que as familias poidan visualizalos.
- Os alumnos poderán vir disfrazados o 29 de outubro.

2. O MAGOSTO: última semana de outubro

A celebración do Magosto farase a última semana de outubro . previa a esta celebración faremos diversas actividades:

Subiremos á web enlaces relacionados co Magosto: costumes, refráns, explicacións sobre a súa celebración....

- O EDLG buscará materiais sobre o Magosto e facilitarallo ós titores.
- Realización de portacastañas.
- Realización de murais ou outras actividades relacionadas co Magosto, feitos polos alumnos/as de cada clase.
- O día de celebración usaranse os portacastañas para manter limpo o colexio.
- Xogos populares no patio en función na climatoloxía ou na aula e degustación de castañas e zume por parte do centro.

3. O NADAL: mes de decembro.

Durante todo o mes de decembro, realizaranse as seguintes actividades:

- Decoración dos corredores con motivos do Nadal.
- Concurso de postais de Nadal e de mensaxes significativas *en galego*.
- Escoita de panxoliñas en galego (no timbre das saídas e entradas do colexio).
- Subida á páxina web de enlaces relacionados co Nadal.
- O EDLG entregará os premios do concurso de postais.
- Subida á web das actividades realizadas durante o Nadal.

ACTIVIDADES DO 2º TRIMESTRE

1. O ENTROIDO:

Durante o mes de febreiro, faranse as seguintes actividades:

- Subiremos a páxina web enlaces relacionados co Entroido: costumes, refráns, explicacións sobre a súa celebración....
- Traballarase nas aulas distintas maneiras de celebrar o Entroido en Galicia, gastronomía, traxes típicos, etc.
- O Meco e os Mandados: abre as portas ao Entroido nesta semana .

O Meco colocarse na entrada do colexio, e cada día, cun pareado, cuarteto ou o que lle veña en gana mandará vir ó colexio de maneiras diferentes.

En febreiro realizarase o festival do Entroido no que haberá un día temático para todo o centro, este curso estará centrado nos Xogos Olímpicos. Traeranse produtos típicos que degustaremos nas aulas.

ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

1. AS LETRAS GALEGAS

Durante o mes de maio realizaranse actividades de divulgación da figura e da obra do autor homenaxeado tales como:

- Pasar información sobre o autor homenaxeado e posibles recursos para traballar en cada ciclo.
- Difusión de carteis e lemas alusivos ao día das Letras Galegas
- Subir ligazóns á páxina web sobre este autor e sobre a súa obra

O 13 de maio, farase a celebración das Letras Galegas, e nesta levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Lectura dalgúns traballos do autor.
- Resolver cuestións sobre a vida e obra do autor homenaxeado.
- Ese día tentaremos poñer nos altavoces do cole música popular galega para indicar saídas e entradas.

OUTRAS

- Participación no “certame literario intercentros” convocado polo Concello.
- Recollida, selección e corrección de traballos dos distintos cursos para a publicación da revista “O Allo”.
- Continuar coa realización, como cada ano, dun mural central no centro que será decorado segundo a época do ano e as festividades celebradas.
- Disfrute de unha obra teatral (con unha compañía da zona) alusiva e homexaneando ao autor das Letras Galegas.

• 5.ORZAMENTO

CANDO	QUE	A QUEN	CANTO
Ao longo do ano	Continuar co blogue de consulta para o profesorado	Claustro de Profesores	0 €
Ao longo do ano	Dotación de material funxible para preparación de diferentes celebracións ó longo do curso	Alumnado	300 €

Ao longo do ano	Participación nas actividades do Concello	Comunidade Educativa	Non se pode presupostar
Ao longo do ano	Visitas, contacontos	Alumn@s	Non se pode presupostar
1º Trimestre	Samaín, Magosto	Alumn@s	150,00 €
3º Trimestre	Mural das Letras Galegas	Comunidade Educativa	50 €
3º Trimestre	Preparación semana cultural con impresión folletos	Comunidade Educativa	50 €
TOTAL ACTIVIDADES			550€

En base á actitude positiva de toda a comunidade escolar cara este proxecto, expresamos o noso compromiso de levar a cabo as actividades propostas no caso de ter o financiamento necesario.

6.COLABORACIÓN CON OUTROS PROXECTOS

Dende o equipo de Normalización da Lingua Galega, traballarase en colaboración co equipo de actividades extraescolares e biblioteca e noutros proxectos solicitados este ano polo colexio. Por iso farase o posible que todas as actividades estean relacionadas co proxecto en común.